

A continuación infórmase dos acordos da reunión ordinaria da Comisión de Organización Académica e Validacións, que tivo lugar o 18 de xullo de 2017 na Sala de Xuntas da Facultade de Fisioterapia:

- Apróbase que o profesor Rodríguez Fuentes faga as funcións de Secretario da Comisión.
- Aprobación da acta correspondente á sesión ordinaria do 21 de febreiro de 2017.
- Denegación da admisión por recoñecemento de créditos para o curso académico 2017-18 das solicitudes presentadas por Roberto Barral Noya, Alejandro Quintana García e Irene Romero Román por non cumprir co criterio de ter a nota de corte necesaria do seu ano de entrada na Universidade.
- Denegación da admisión por recoñecemento de créditos para o curso académico 2017-18 das solicitudes presentadas por Ana Belén Estévez Fernández, Paula Marcote Silva e Yria Forján Oliveria porque, aínda que cumpren cos criterios de entrada, non son as persoas coa nota de acceso máis alta das solicitudes presentadas.
- Procede a admisión por recoñecemento de créditos para o curso académico 2017-18 das solicitudes presentadas por Maribel Brandariz Pastoriza (universidades estranxeiras) e Jorge Santos Patiño (universidades nacionais).
- Recoñecemento a Maribel Brandariz Pastoriza de 30 ECTS (24 de formación básica e 6 de formación específica).
- Recoñecemento a Jorge Santos Patiño de 42 ECTS de formación básica. Motivado por este recoñecemento, apróbanse os créditos de formación básica e de materias optativas que ten que cursar. Ademais, non procede o recoñecemento de créditos dalgunhas materias de orixe.

Pontevedra, 18 de xullo de 2017

O Secretario

Gustavo Rodríguez Fuentes

